

Traballo a distancia

15/02/2024

Grupo de traballo de Provisión de Postos

Concurso Servizos de Prevención

TÍMIDO PASO DO MINISTERIO PARA O SEGUNDO DÍA DE TRABALLO A DISTANCIA

O día 15 de febreiro tivo lugar a reunión do Grupo de Traballo de Provisión de Postos tendo como primeiro punto da orde do día o seguimento do apartado 4 do Acordo do 16 de maio de 2023 e logo o concurso dos Servizos de Prevención.

Traballo a distancia

Na anterior reunión, en Mesa Delegada, onde o Ministerio non se movía de que non podíamos aumentar o días de traballo a distancia por falta de datos de rendemento do primeiro día.

A **CIG** manifestou que esa non era unha posición tolerábel por canto a escusa da falta de datos de rendemento non era crible pois a Seguridade Social ten todo cuantificado e medido.

Agora o Ministerio comeza a reunión aportando un documento en onde expresa que quere facer unha proba piloto nun par de lugares en cada Entidade durante dos meses en medio para valorar entón a posibilidade de implantar o segundo día de traballo a distancia.

A **CIG** insistiu en que levamos case un ano cun día de traballo a distancia, e iso é tempo dabondo para que o Ministerio teña datos para coñecer o bo rendemento existente. E dicimos bo porque a **CIG** non comparte esa presunción de culpabilidade que as veces parece destilar o Ministerio. Parece que se o persoal da Seguridade Social non demostra constantemente a súa profesionalidade (como sempre fai) e que son culpables, neste caso de traballar pouco, seica.

Despois dun tempo de debate o Ministerio aceptou presentar o datos do resultado das probas piloto o 1 de xuño e aí tomar unha decisión. A **CIG** propuxo á Secretaría de Estado da Seguridade Social que se implantara o segundo día de traballo a distancia o 15 de xuño. Pero non se atreveu a fixar data.

A **CIG** volverá a enviar por escrito esta proposta ao Ministerio pois aínda despois de aturar agardar a que o Ministerio comprobe a profesionalidade do persoal (outra vez máis), aínda así non queren dar datas de implantación. Un Ministerio que avanza arrastras, empurrado pola presión sindical, e que logo se estraña de que nos concursos non veñan máis persoas de fóra, couda lóxica cun mísero día de traballo a distancia e sospeitando constantemente do seu persoal.

Concurso Servizos de Prevención

O Ministerio presentou un borrador de bases do concurso cos postos que ía convocar.

Sostén o Ministerio que non pode cambiar as bases porque Función Pública non as aprobaría. Porén hai diferenzas en varios concursos convocados previamente, parece que aí Función Pública non puxo tantos problemas. A **CIG** manifestou que se deberían revisar aspectos de las bases, algúns moi lesivos como non valorar o méritos do corpo anterior na promoción interna.

A **CIG** tamén solicitou ao Ministerio que incluíra no concurso un posto que ía quedar vacante nos vindeiros días no Servizo de Prevención de Vigo pois senón quedaría á espera do seguinte concurso outros tantos anos.

Outros concursos

TXSS: está en marcha o específico e logo convocarán o de SSCC

INSS: preparando convocatoria para o específico de SSCC e DDPP

SXSS: concurso de letrados para abril ou maio

IXSS: coidan resolver en xuño o específico convocado

XISS: convocado o específico

IMSESRSO: non dan data de convocatoria do específico

MACRO: teñen que pasar estes específicos antes. O Ministerio quéixase das dificultades que atopa na xestión en cada un deles e por iso non ven posíbel un concurso aberto e permanente ou un concurso anual.

A **CIG** queixase pois non está pola labor de aceptar ese “non o vemos posíbel” así sen máis. Pregunta se o Ministerio tomou algunha medida para mellorar a xestión e resolver esas dificultades. Non parece que fixeran nada para mellorar a xestión pois non responden a pregunta, só volven a queixarse de novo. Así dificilmente imos mellorar nada.

Seguiremos informando